



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ 26/01/11

Nesta penúltima reunión a Dirección materializa en tres documentos en que derivou para o seu acto final o tema da ERE 2011-2012.

Un proceso que apesares dos últimos retoques, que tamén foron valorados a respecto do mantemento do emprego ou o propio día de disfrute individual, estes non poden ocultar as serias contradicións que se deron e que remata con consecuencias negativas, cando menos, e sobre todo, para un colectivo do Sistema II, que para non verse perxudicados salarialmente se lles ofrece someterse de xeito incondicional a:

- .-realizar integramente o posto que ven ocupando no Sistema II*
- .-que desempeñen a totalidade do rendimento esixible do posto o que vaiamos destinados para o Sistema I.*
- .-participar nas xornadas de sábado da súa quenda namentres estea no Sistema I*
- .-de tratarse dun limitado/a debería aceptar calquera das quendas do Sistema I, incluído o de Noite, neste caso, teríase que adaptar o réxime de traballo desta quenda así como cambiar o contrato a Tempo Parcial.*

Para a **C.I.G.** o máis grave deste Expediente-Calendario-Bolsa de Horas, é o tratamento para con este colectivo.

Non é cuestión de parches como tomarse con frivolidade a Formación, para cubrir algún destes días, ou mudar as condicións contractuais para adaptar os limitados/as.

Inda que a **C.I.G.** se quedase practicamente soa defendendo o equilibrado das liñas, o fixemos non so dende unha perspectiva de necesidade, senón tamén, dende o convencemento de que elo era posible para evitar este proceso. Non podemos resignarnos a aceptar que esta Planta se converta en dúas fábricas, onde os seus traballadores/as leven salarios distintos.

En 52 anos de vida desta Planta onde se deron varios Expedientes de Regulación Temporal de Emprego, (EREs), nunca, e reiteramos NUNCA, porque dende sempre foi unha demanda Sindical, se deixou de cubrir o 100 % do salario líquido dos seus traballadores/as. Expedientes que afectando a miles de persoas, incluso colectivos como os maiores de 53 anos eran tidos en conta.

Estamos a falar de traballadores/as, que ademais entregaron parte deses días de bolsa, (ano 2007) ,por certo sen compensación, para que precisamente as instalacións permitisen ese necesario equilibrio de liñas, agora a Dirección lle resulta máis barato pasarnos a factura o Sistema II,... ou aceptas as condicións de total entrega, incluíndo a renuncia a liberdade de administrar o noso tempo libre, ou te quedas co 70% de salario dese día de ERE previsto en cada mes.

Somos traballadores/as dunha mesma fábrica, por elo, esta Sección Sindical non pode aceptar solucións deste período produtivo 2011-2012, que se asenten na insolidariedade económica e social.

## Confederación Intersindical Galega